

MEMORIA
GRUPO DE TRABAJO
PFPP 02131056. 02105106

ANÁLISE DA
COMPETENCIA
DIXITAL DO
CENTRO E
ELABORACIÓN DO
PLAN DIXITAL.

CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro
Ourense

INDICE

- 1 CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O CURSO.
- 2 VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL
- 3 CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS
 - 3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS
 - 3.2 OBXECTIVOS ACADADOS
- 4 CONTIDOS DESENVOLVIDOS E ACTIVIDADES REALIZADAS
 - 4.1 Contidos desenvolvidos
 - 4.2 Actividades realizadas
- 5 METODOLOXÍA
- 6 ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.
- 7 TEMPORALIZACIÓN
- 8 CRITERIOS E PROCESOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS
 - 8.1 Avaliación conxunta.
 - 8.2 Avaliación individualizada.
- 9 CONCLUSIÓN LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO.
- 10 RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN

1- CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O CURSO

Este curso académico, no CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro, realizamos o Grupo de traballo “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do Plan Dixital” para dar cumprimento a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, que ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este curso complementouse coa formación que recibimos dos ADIX, neste caso o grupo ADIX 2 de Ourense a través das sesións de formación a distancia “telemática” por vídeo conferencia nos meses de marzo de abril de 2022.

Dado o interese da temática, participou o equipo directivo, composto pola xefa de estudos Dña. Dolores Hervella Navarro (coordinadora do grupo de traballo), D. Norberto Blanco Dorrió (secretario e coordinador TIC) e D. José Manuel Rego García (director e coordinador da elaboración do Plan dixital e as relacións cos grupos e coordinadores ADIX).

Ao longo dos meses de novembro (29/11/2021), decembro (13/12/2021), febreiro (17/02/2022), marzo (17/03/2022), abril (21/04/2022) e maio (05/05/2022 e 10/05/2022) todos os compoñentes do grupo participamos nas reunións propostas, seguindo a temporalización inicial do proxecto así como as dúas reunións por vídeo conferencia organizadas polo grupo ADIX 2 de Ourense.

No desenvolvemento das sesións, traballábamnos sobre a orde do día prevista e ao remate de cada unha delas, propúñanse tarefas para preparar a seguinte sesión.

A posta en práctica deste proxecto tivo como finalidade última achegar ao profesorado o Plan Dixital con vistas a súa aprobación no claustro de final de curso

(29/06/2022) para a súa incorporación no Proxecto Educativo e a súa posta en marcha para o curso escolar 2022/2023 o que redundará no bo funcionamento do centro, xa que estamos a dinamizar o emprego das TICs, implicando nesta dinamización a todos os sectores educativos, o que redundará na mellora da calidade educativa.

2- VARIACIÓNS INTRODUCIDAS RESPECTO DO PROXECTO INICIAL

Non houbo variacións introducidas respecto ao proxecto inicial.

3 – CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Con respecto aos obxectivos que nos propuxeramos inicialmente, sentímonos satisfeitos, e con ánimos para darlle continuidade a este proxecto de formación no vindeiro curso, xa que o Plan Dixital debe ser avaliado e adaptado continuamente mellorando e adaptando os obxectivos de actuación anuais.

3.1 OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Analizar a situación do centro en relación aos recursos e medios tecnolóxicos.
- Establecer os obxectivos do Plan Dixital.
- Diseñar o Plan Dixital do centro: temporalización e avaliación.

3.2 OBXECTIVOS ACADADOS

Todos os obxectivos propostos foron acadados. As expectativas iniciais sobre o Plan Dixital e a avaliación das competencias dixitais cubriron as nosas expectativas.

3.3 OBXECTIVOS NON ACADADOS

- ✓ Incidir en que se precisa continuidade nesta formación para afianzar e actualizar anualmente os obxectivos así como a determinación do SELFIE e o CDD.

4 – CONTIDOS REALIZADOS E ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

4.1 Contidos

- SELFIE (reflexión persoal sobre un aprendizaxe efectivo mediante o fomento da innovación a través das tecnoloxías educativas).
- CDD (competencia dixital docente).
- DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).
- CAME (corrixir, afrontar, manter e explotar).
- Boas prácticas (creación de materiais, xestión de proxectos, etc.)

4.2 Actividades

- ✓ A primeira actividade realizada foi a **elaboración do proxecto** deste Grupo de traballo, e que xurdiu despois de reflexionar profundamente sobre que aspectos considerábamos prioritarios para poñer en práctica o **Plan Dixital** no noso centro, dándolle sentido ao proceso no que nos vimos inmersos dentro do proxecto TIC do centro e cumprindo a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*.
- ✓ A o longo da realización do traballo recibimos docencia, dúas sesións por vídeo a cargo dos coordinadores ADIX 2 de Ourense.
- ✓ Para poder xestionar todo o traballo que íamos realizando no Grupo de traballo, utilizamos a **aula virtual** do noso centro. Creamos un curso onde colgamos todos os materiais utilizados e realizados no mesmo. O curso está dispoñible na web para

quen queira visitalo, xa que se pode acceder a todos os contidos como convidado. O papel xogado por este curso en moodle foi moi importante no desenvolvemento do proxecto, xa que permitiu e favoreceu a coordinación de todos os membros do grupo, ao ofrecer un lugar onde atopar todo o material necesario para pór en práctica os contidos traballados.




<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuel sueiro/aulavirtual/course/view.php?id=162>

5 – METODOLOXÍA

Desenvolvemos unha metodoloxía práctica e participativa. Partimos de acordos verbais previos e exposicións de ideas.

As reunións celebráronse baixo un marco de diálogo e abertas a compartir experiencias de todos os membros do grupo.

Combinamos as sesións destinadas ao estudo e análise dos materiais ofrecidos na Aula Virtual do Plan dixital <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual/login/index.php>, xunto con sesións prácticas e de colaboración co resto do profesorado do claustro para o análise das competencias dixital docentes e para a cumprimentación do SELFIE.



6 – ORGANIZACIÓN DE RECURSOS EMPREGADOS E MATERIAIS

6.1 Persoais:

- Contamos co compromiso de colaboración de todos os seus membros.
- Tamén foi necesario o asesoramento dos membros do CFR, responsables

do noso centro e os relatores de curso de formación do Plan Dixital (ADIX 2 en Ourense) así como a responsable asignada ao CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro do grupo ADIX 2.

6.2 Materiais:

Foron precisos os seguintes recursos materiais:

- Ordenadores e canón proxector.
- Un encerado dixital interactivo.
- Memorias USB.
- Diverso material funxible: papel, cartolinas, ceras, pinturas, plásticos,...

7 – TEMPORALIZACIÓN

Seguimos a temporalización prevista no proxecto inicial e que foi a seguinte:

DATA	ACTIVIDADE	HORAS	LUGAR
29/11/2021	Estudo e reflexión sobre o proxecto	3	CEIP P. Manuel Sueiro
13/12/2021	Análise da situación dixital do centro.	3	CEIP P. Manuel Sueiro
17/02/2022	Test CDD	3	CEIP P. Manuel Sueiro
17/03/2022	Recompilación de datos, reflexión e DAFO.	3	CEIP P. Manuel Sueiro
21/04/2022	Deseño, definición de obxectivos e camiños a seguir.	3	CEIP P. Manuel Sueiro
05/05/2022	Redacción do Plan Dixital.	3	CEIP P. Manuel Sueiro
10/05/2022	Plan Dixital. Memoria.	2	CEIP P. Manuel Sueiro

8 – PROCESOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS

Como xa expuxemos anteriormente, a realización deste proxecto, de formación no centro, tivo para nós un balance moi positivo. Para a súa avaliación realizamos unha avaliación conxunta e outra individualizada

8.1 Avaliación conxunta.

Unha vez rematado o traballo “Avaliación da competencia dixital e elaboración do Plan Dixital”, fixemos a valoración do funcionamento e organización do desenvolvemento do grupo de traballo:

- **O grao de participación e intercambio de experiencias** entre as compoñentes do grupo. Valoramos unanimemente dun xeito moi positivo este apartado xa que o grado de colaboración e participación de todos os membros foi moi alto na práctica totalidade das actividades propostas.
- **O seguimento e a adecuación da temporalización prevista.** Intentamos respectar os tempos establecidos para cada tema e a orde establecida na primeira reunión do grupo. O tempo de traballo en moitas das actividades que realizamos foi escaso, por exemplo, no que atinxe a redacción e memoria do Plan Dixital. En canto á temporalización hai que dicir que a seguimos segundo o proposto no proxecto inicial.
- **O nivel de satisfacción** en relación ao coñecemento das ferramentas propias do Plan Dixital (SELFIE, CDD, CAME e DAFO) consideramos que cubriu amplamente as nosas expectativas iniciais.

8.2 Avaliación individualizada.

Para a realización desta actividade cada un dos membros do equipo cubriu unha enquisa de xeito individualizado. **Resultados:**

ENQUISA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO CURSO.
Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: MOI POUCO (1) / POUCO (2)/ SUFICIENTE (3 / BASTANTE (4) / MOITO (5)

I.- ÁMBITO INDIVIDUAL: repercusión no propio desenvolvemento persoal e profesional.

	BRANCO	MEDIA	MODA
O meu progreso no proceso formativo en relación co tema foi	0	5	5
O meu grao de satisfacción co traballo desenvolvido é	0	5	5
A formación acadada repercutiu no meu traballo diario	0	5	5
O compromiso coa miña propia formación foi	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

II.- ÁMBITO GRUPAL: repercutiu na mellora da dinámica de traballo en grupo concretamente:

	BRANCO	MEDIA	MODA
Na mellora de toma de decisións consensuadas	0	5	5
No establecemento dun clima relacional positivo , gratificante	0	5	5
Na mellora de estratexias de traballo colaborativo	0	5	5
No compromiso co grupo	0	5	5

VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5
--------------------------	---	---	---

III.- ÁMBITO INSTITUCIONAL: repercusión na mellora da educación que se imparte no centro.

	BRANCO	MEDIA	MODA
Os acordos e as conclusións obtidas vanse pondo en práctica	0	5	5
Axudou a establecer no centro dinámicas de reflexión e detección de ámbitos de mellora. de forma autónoma	0	5	5
As expectativas de mellora da calidade do ensino no centro, en relación co tema tratado, cumpríronse	0	5	5
Os obxectivos conseguíronse	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

IV.- O ASESORAMENTO E APOIO POR PARTE DO CENTRO DE FORMACIÓN

	BRANCO	MEDIA	MODA
Deu resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

V.- A DOCENCIA RECIBIDA *resultou*

	BRANCO	MEDIA	MODA
Adecuada para dar resposta ás necesidades do grupo	0	5	5
As estratexias empregadas resultaron adecuadas	0	5	5
VALORACIÓN GLOBAL	0	5	5

ORGANIZACIÓN**Debería mellorarse:**

Ampliar a formación sobre o proceso de configuración do Plan Dixital establecendo un índice na primeira sesión e non agardar ao mes de abril para a configuración do mesmo.

O que estivo ben foi:

Os contidos traballados.

Os relatores da formación (ADIX 2 Ourense).

A coordinación entre os membros do Curso.

A coordinación coa Asesora do CFR de Ourense.

9- CONCLUSIÓN. LOGROS E INCIDENCIAS NO CENTRO

Despois de todo o manifestado ao longo desta memoria, só nos queda engadir que nos sentimos bastante orgullosos e satisfeitos do traballo realizado, pois consideramos que foi de moita utilidade para o desenvolvemento da nosa labor educativa futura, máxime tendo en conta á nova situación educativa que se espera nun futuro próximo.

Entendemos que a elaboración do Plan Dixital vai xogar un papel importante na mellora do emprego das TICs no proceso de ensino e aprendizaxe e no funcionamento do centro, repercutindo de maneira importante na calidade educativa que estamos a ofrecer. Os mestres debemos seguir adquirindo confianza e dominio co traballo coas TIC para transmitir a nosa experiencia ao alumnado para ensinalos a usar as TAC para aprender.

O alumnado prefere traballar de forma interactiva, creativa e colaborativa tanto no aula como no domicilio, de forma que os seus traballos sexan máis reais e visibles, de aí a importancia que lle demos á participación neste proxecto co alumnado de 5º e 6º de Ed. primaria.

Por outra banda, a integración das TIC no ámbito educativo é un proceso individual que cada mestre ten que descubrir por si mesmo, procurando realizala sempre coa axuda de mestres xa experimentados.

Vistos os resultados acadados, para o próximo curso continuaremos dando forma a este grupo de traballo, dentro do PFPP do centro, porque a pesar de que melloramos no coñecemento do Plan Dixital, debemos afianzar e afondar nos coñecementos adquiridos así como a súa revisión e actualización anual.

Non hai máis que ver a transformación física e funcional que segue a ter o noso centro nestes últimos anos para darse conta de que merece a pena o aventurarse nesta experiencia formativa de case todo o claustro de mestres do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.

10 - RELACIÓN DETALLADA DE MATERIAIS DIDÁCTICOS E DOCUMENTOS QUE SE ENVÍAN

Material en soporte informático

- Materiais elaborados. A elaboración de materias didácticos están recollidos na aula virtual do curso no que se poden observar documentos como: SELFIE, CDD, DAFO, CAME e o Plan Dixital do CEIP Plurilingüe Manuel Sueiro.
- Todo o traballo realizado ao longo do curso está reflectido na nosa aula virtual nun curso que creamos para o Curso.



<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelsueiro/aulavirtual/course/view.php?id=162>

En Ourense, a 12 de maio de 2022



Asdo: Dolores Hervella Navarro